

GUITARRA

PROGRAMACION DIDACTICA

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA DE A ESTRADA

**INTRODUCCIÓN**

**MARCO LEGAL**

**CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO**

**OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSEÑANZAS MUSICAIS**

**GRAO ELEMENTAL**

**GRAO PROFESIONAL**

**AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN E AMPLIACIÓN DA MATRÍCULA

PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

**ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

ATENCIÓN AO ALUMNADO CON TRAZOS DE DIVERSIDADE

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**TEMAS TRASVERSAIS**

**TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA**

**COMUNICACIÓN (TIC)**

**PROBAS DE ACCESO**

**PREMIOS FIN DE GRAO**

CONTIDOS DA PROBA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

## INTRODUCCIÓN

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de GUITARRA durante os catro cursos do Grao Elemental e os seis do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida.

## MARCO LEGAL

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

**ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanza artística profesional nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

**DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanza establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

**CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

**ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

**DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

**ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

**CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.

**ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

**DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.

**DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

**CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

## **CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO**

O conservatorio está situado no concello da Estrada a 25 km de Santiago de Compostela. A Estrada é un concello de preto de 22.000 habitantes, divididos en 51 parroquias que, exceptuando a parroquia da Estrada, son de ámbito rural. Desenvolve a súa actividade económica no sector servizos e sobre todo nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Por outra banda, a área de influencia do centro esténdese a un conxunto de comarcas lindantes e núcleos nas aforas, algúns deles pequenos, dispersos e de poboación máis reducida, dos que proceden unha parte dos alumnos. A Comarca de Tabeirós Terra de Montes en xeral e A Estrada en particular, goza dunha gran tradición cultural e musical. A Banda Municipal da Estrada conta con máis de 140 anos de historia nutréndose hoxe en día con practicamente a totalidade dos seus músicos formados ou formándose no noso conservatorio. Ademais outras agrupacións de

distintas tradicións, grupos de música moderna, agrupacións de música tradicional, orquestras, charangas, bandas de música de concellos limítrofes, etc. nótrense, tamén, de músicos formados no Conservatorio da Estrada.

A proximidade a Santiago de Compostela e que esta sexa unha cidade de enorme tradición universitaria tamén condiciona que moitos alumnos accedan ao centro por traslado para cursar ao mesmo tempo unha carreira universitaria cos estudos de música.

As principais motivacións para o estudo neste centro son:

A obtención dun título que lles abra as saídas profesionais e que posibilite a posibilidade de estudo no Grao Superior de Música

A ubicación do CMUS.

A calidade da ensinanza.

En canto ao nivel de superación dos obxectivos establecidos nas programacións dos distintos departamentos, podemos cualificalo de notable tanto no Grao Elemental como no Grao Profesional.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes. Concluimos que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas, o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorio os devanditos estudos.

## **OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS MUSICAIS**

### **GRAO ELEMENTAL**

O artigo 2º do capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, indica que a finalidade deste grao é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao G.P.

Esta finalidade acadaríase coa consecución dos obxectivos ou capacidades ao longo dos catro cursos dos que consta o grao elemental e que o artigo 3º do capítulo I do mesmo Decreto enumera:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

## **GRAO PROFESIONAL**

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

Habituar-se a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

Analizar e valorar a calidade da música.

Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

## **GRAO ELEMENTAL**

### **Primeiro curso**

#### **Obxectivos**

- Entendemento das principais características do instrumento.
- Colocación adecuada do corpo con respecto ó instrumento. Correcta posición das dúas mans.
- Manexar con soltura as dúas formas básicas de pulsación (apoiando e tirando)
- Utilización das uñas para pulsar as cordas cos dedos da mao dereita.
- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. (Non chega con desenvolver adecuadamente o programa na aula senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.)
- Coñecemento das notas en primeira posición.
- Interpretación de oito pezas do programa sendo obrigatoriamente catro delas polifónicas.

#### ***Contidos***

### Primeira avaliación

- a) Colocación correcta da guitarra sobre o corpo.
- b) Exercicios de pulsación en cordas ó aire (tirando e apoiando).
- c) Exercicios de sincronización cos dedos das dúas mans, buscando unha adecuada posición das mesmas.
- d) Interpretar de memoria tres pezas monódicas.

### Segunda avaliación

- a) Utilización das uñas nos dedos da mao dereita.
- b) Arpexos de 3 notas.
- c) Escala dunha oitava na tonalidade de Do M (V posición), apoiando e tirando (i,m).
- d) Aprendizaxe da lectura musical coa guitarra.
- e) Interpretar de memoria 4 pezas monódicas e dúas polifónicas.

### Terceira avaliación

- a) Lectura das notas do diapasón nos 5 primeiros trastes.
- b) Afinación básica
- c) Escala dunha oitava na tonalidade de Do M (II e V posición)
- d) Exercicios con notas simultáneas.
- e) Interpretar de memoria 4 pezas monódicas e 4 polifónicas.

### ***Metodoloxía***

O alumno contará cunha clase individual de sesenta minutos e a posibilidade de participar nunha clase colectiva que complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo.

Os primeiros cursos esixen unha metodoloxía adaptada os coñecementos previos, quizais no primeiro curso non existan, e as aptitudes de cada alumno. Numerosos son os métodos que o profesor ten a súa disposición, pero en moitos casos ningún deles cubre todas as necesidades do alumno

. O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación é esencial para que o alumno sinta a necesidade de continuar na indagación das posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes: - Traballo de obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso. -



Contextualización das obras a través da análise e compilación de datos que levarán a cabo os alumnos sobre os autores e períodos musicais. - Traballo da lectura a primeira vista. - Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa.

### ***Repertorio orientativo***

Essential Guitar Skill, Ed. Ricordi B. Lester  
- A escala: n.º 1.  
- A escala: n.º 2.  
- A escala: n.º 3.  
Estudo n.º 1, Isaías Savio, Ed. Ricordi F. Sors  
Valsa, Isaías Savio, Ed. Ricordi J. Küffner  
The pied piper, *Basic pieces*, Vol. I, Ed. Chanterelle J. A. Muro  
A dance, *Basic pieces*, Vol. I, Ed. Chanterelle J. A. Muro  
The happy vagabond, *Basic pieces*, Vol. I, Ed. Chanterelle J. A. Muro  
A spring waltz, *Basic pieces*, Vol. I, Ed. Chanterelle J. A. Muro  
Bahamas, *Divertissements pour guitare*, Vol. I, Ed. Doberman G. Montreuil  
Rocking, *Explorations* Vol. I, Ed. Ricordi B. Lester  
Jazz walk, *Explorations* Vol. I, Ed. Ricordi B. Lester  
Dance for all, *Explorations* Vol. I, Ed. Ricordi B. Lester

### ***Criterios de avaliación***

- 1º Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental.
- 2º Desenvolver unha posición correcta da man dereita que permita a independencia de cada un dos dedos e que permita realizar distintos tipos de combinacións tirando.
- 3º Desenvolver unha posición correcta da man esquerda que permita a mobilidade desta sobre o diapasón nos cinco primeiros trastes.
- 4º Desenvolver unha adecuada coordinación de ámbalas dúas mans.
- 5º Interpretar pezas sinxelas que se encontren dentro dun repertorio acorde con este nivel.
- 6º Interpretar en público algunhas das pezas traballadas para mostrar o traballo realizado coa suficiente seguridade.

### ***Mínimos esixibles***

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre
- Mostrar unha mellora nos puntos 1º e 2º dos criterios de avaliación

2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre
- Interpretar unha peza na audición do departamento. - Mostrar unha mellora nos apartados 1º, 2º, 3º dos criterios da avaliación.

3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso.
- Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre. - Interpretar unha peza na audición do departamento.

### ***Recuperación***

O alumno que acumule catro faltas sen xustificar, ou que non participe nas audicións en cada trimestre perderá a avaliación continua.:

- a. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.
- b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso

### **Segundo curso**

**Obxectivos** • Traballaranse diferentes elementos técnicos prestando atención á limpeza co fin de conseguir un mecanismo seguro.

- Técnicas de estudo. Distribución do tempo. Traballo repetitivo e traballo reflexivo.
- O alumno coidará ó máximo, a calidade do son, utilizando as uñas e empregando adecuadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispoñer de uñas de calidade unha vez finalizado o segundo curso.
- Será obrigatorio dispor dunha guitarra de calidade con cordas en bo estado. Tamén apoia pé, limas, atril, cejilla e diapasón.
- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. (Non chega con desenvolver adecuadamente o programa na aula senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.) • Introducción ás técnicas de afinación.
- Perfecto coñecemento das notas nos 5 primeiros trastes do diapasón.

- Interpretación de memoria de catro estudos (con diferente planteamiento técnico) e catro obras.

## **Contidos**

### Primeira avaliación

- a) Iniciación no estudo das diferentes formas de dixitación, tendo en conta o estilo e carácter da peza ou fragmento.
- b) Ligados de 2 notas (ascendentes e descendentes).
- c) Arpexos de 4 notas.
- d) Interpretar de memoria 2 estudos e 1 peza.

### Segunda avaliación

- a) Ceeillas.
- b) Escala dunha oitava (la m harmónica na I posición).
- c) Fórmulas de exercicios encamiñados a desenrolar a calidade do son.
- d) Dominio da lectura das notas nos 5 primeiros trastes.
- e) Interpretar de memoria 3 estudos e 3 pezas.

### Terceira avaliación

- a) Escala dunha oitava (la menor harmónica VII posición, apoiando e tirando).
- b) Interpretar de memoria 4 estudos e 4 pezas que deberán ser escollidas entre dous estilos diferentes como mínimo.

## **Metodoloxía**

O alumno contará cunha clase individual de sesenta minutos e a posibilidade de participar nunha clase colectiva que complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo. Os primeiros cursos esixen unha metodoloxía adaptada aos coñecementos previos e as aptitudes de cada alumno. Numerosos son os métodos que o profesor ten a súa disposición, pero en moitos casos ningún deles cubre todas as necesidades do alumno.

O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación é esencial para que o alumno sinta a necesidade de continuar na indagación das posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra. As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Traballo de obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Contextualización das obras a través da análise e compilación de datos que

levarán a cabo os alumnos sobre os autores e períodos musicais. - Traballo da lectura a primeira vista.

- Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa. - Traballo da música en grupo nas clases colectivas.

- Participación nas audicións propostas polo departamento co fin de exteriorizar o traballo realizado ao longo do curso.

### **Repertorio orientativo**

Método de Guitarra”, 1ª parte, leccións 1, 2, 3 e 5 DIONISIO AGUADO (U.M.E.)

Branle Gay J. B. BESARD (Amsco Pub.)

Estudios sencillos nº1 LEO BROUWER (Max Eschig)

Studi per chitarra Allegretto; Andante; vals op.21. F. CARULLI (Suvini Zerboni)

Le Papillon op. 30 nº1 M. GIULIANI (Real Musical)

Branle de Poictou A. LE ROY (M. Combre)

Essential Guitar Skills” B.LESTER(Ricordi

Divertissements pour guitare Vol. I G. MONTREUIL (Doberman) Bienvenue, Bahamas, Le Clown, Tango pour Helene, Calypso, Romance.

The Complete Studies for guitar”, F. SOR (Chanterelle) Op. 60, op. 31 nº 1, op. 35 nº 1.

Tres pequenas pezas M. VANDERMAESBRUGGE Modern Times vol. 1 Preludio, Escalando e Paisaje J. ZENAMON (Chanterelle)

.

### **Mínimos esixibles**

1º Trimestre: - Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre.

2º Trimestre: - Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre - Interpretar unha peza na audición do departamento.

3º Trimestre: - Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso. - Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre. - Interpretar unha peza na audición do departamento.

### **Criterios de cualificación**

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a: 20 %

- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso: 20%
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 20 %
- Participar nas actividades organizadas polo departamento: 20 %
- Asistir regularmente ás aulas e manter unha actitude correcta: 20 %

### **. Recuperacion**

O alumno que acumule catro faltas sen xustificar, ou que non participe nas audicións en cada trimestre perderá a avaliación continua. Dúas serán as actividades de recuperación:

a. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso

### **Terceiro curso**

#### **Obxectivos**

- Ampliar a práctica de elementos técnicos (Harmónicos, acordes, arpexos e rasgueos)
- Coñecer mais técnicas de estudo: Distribución do tempo, traballo repetitivo e traballo reflexivo. Previr a inconstancia, desorganización, superficialidade, distracción, desinterese...
- Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando adecuadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas durante todo o terceiro curso.
- Dispor dunha guitarra de calidade con cordas en bo estado. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.
- Coñecer as diferentes formas de dixitación, tendo en conta o fraseo e estilo da peza.
- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver adecuadamente o programa na clase senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.
- Afinar por unísonos.
- Coñecer perfectamente as notas nos sete primeiros trastes do diapasón.
- Interpretar catro estudos con diferente formulación técnica e catro obras de dous estilos diferentes.
- Coñecer de maneira básica as tonalidades e o seu funcionamento na guitarra.

#### **Contidos**

Primeira avaliación

- a) Práctica de acordes: simultáneos, arpexados e rasgueados.
- b) Práctica de ligados de tres notas (ascendentes e descendentes).
- c) Práctica de arpexos de seis notas.
- d) Práctica de escala de mi menor nunha oitava (I posición).
- e) Interpretación como mínimo de dous estudos e unha peza.

Segunda avaliación

- a) Práctica de harmónicos naturais.
- b) Práctica de afinación utilizando harmónicos.

- c) Práctica de escala de Sol M (I e II posición).
- d) Interpretación como mínimo de tres estudos e duas pezas.

Terceira avaliación

- a) Práctica de escala de mi menor armónica (VII posición).
- b) Iniciación ao estudo das notas de adorno por medio da técnica dos ligados.
- c) Interpretación como mínimo de catro estudos e catro pezas.

### **Metodoloxia**

O alumno contará cunha clase individual de sesenta minutos e a posibilidade de participar nunha clase colectiva que complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo.

Os primeiros cursos esixen unha metodoloxía adaptada os coñecementos previos e as aptitudes de cada alumno. Numerosos son os métodos que o profesor ten a súa disposición, pero en moitos casos ningún deles cubre todas as necesidades do alumno.

O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación é esencial para que o alumno sinta a necesidade de continuar na indagación das posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes: - Traballo de obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.

- Contextualización das obras a través da análise e compilación de datos que levarán a cabo os alumnos sobre os autores e períodos musicais. - Traballo da lectura a primeira vista.

- Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa.

- Traballo da música en grupo nas clases colectivas. - Participación nas audicións propostas polo departamento co fin de exteriorizar o traballo realizado ao longo do curso.

### **Repertorio orientativo**

Método de guitarra 1ª parte DIONISIO AGUADO (U.M.E. Leccións 4, da 6 á 10 e a 12.

“Modern Times vol. I: ” Drones. G. BIBERIAN (Chanterelle)

“Estudios sencillos” do 2 ao 5. LEO BROUWER(Max Eschig)

“Modern Times vol. I” Viñeta II E.CORDERO (Chanterelle)

“Le Papillon op. 30” do 2 ao 20. M. GIULIANI (Real Musical)

Chaconne: D. KELLNER (Amsco Pub.)

Modern Times vol. I: F. KLEYNJANS (Chanterelle) Arpège, Chanson du Marin disparu

“Essential Guitar Skills” B. LESTER (Ricordi) “Tremolo”, “Arpeggio”, “Scales”, “Barré”

“Divertissements pour guitare vol. I e II”: Carrousel, Sao Paolo, Françoise, Pascale, Dolores, Karina G. MONTREUIL (Doberman)

“Lecciones 1-3” J. primeiras leccións. SAGRERAS (Chanterelle)

Chant à Berceur, Exercice, Echo, Mélodie d’ Autrefois, Air Oublié A. TANSMAN (Max Eschig). “

Modern Times vol. I” Grekos. G. ZARB (Chanterelle)

### **Mínimos esixibles**

1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre.
- Interpretar unha peza na audición do departamento.

2º Trimestre: - Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre - Interpretar unha peza na audición do departamento.

3º Trimestre: - Acadar tódolos obxectivos descritos para este curso. - Traballar un mínimo de dúas pezas no trimestre. - Interpretar unha peza na audición do departamento.

### **Recuperacion**

O alumno que acumule catro faltas sen xustificar, ou que non participe nas audicións en cada trimestre perderá a avaliación continua. Dúas serán as actividades de recuperación: Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior. b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso

.

### **Cuarto curso**

#### **Obxetivos**

Asumir e interiorizar unha posición corporal que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-muñeca-mans-dedos esquerdos sobre o diapason e dereitos sobre as cordas.

2º Continuar o traballo dos distintos timbres do instrumento, desenvolvendo ao mesmo tempo a calidade sonora e utilizándoa segundo as esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como colectiva.

3º Continuar a exploración das capacidades da respiración e relaxación corporal como elemento importante para a práctica instrumental.

4º Desenvolver a capacidade de memorización de pezas e motivos adecuados o nivel técnico do alumno.

5º Potenciar o traballo en grupo para habituarse a escoitar outras voces e adaptarse harmonicamente o conxunto.

6º Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista que lles permita participar nun conxunto e ter acceso a un repertorio máis amplo.

7º Adquirir a conciencia da importancia do traballo individual e a capacidade para escoitarse e ser crítico consigo mesmo. 8º Dominar os contidos para este curso.

9º Interpretar pezas con diferentes problemas técnicos e de diferentes estilos.

10º Interpretar en público, coa necesaria seguridade de seu, para vivir a música como medio de comunicación.

### **Contidos**

Primeira avaliación

- a) Práctica de escala cromática.
- b) Práctica de ligados de catro notas (ascendentes e descendentes).
- c) Práctica de arpejos de máis de seis notas.
- d) Interpretación como mínimo de dous estudos e unha peza.

Segunda avaliación

- a) Práctica de notas de adorno: apoiaturas, mordentes, grupetos e trinos.
- b) Práctica de escala de Fa maior (I e VII posición).
- c) Interpretación como mínimo de tres estudos e dúas pezas de memoria.

Terceira avaliación

- a) Práctica de escala de Re menor harmónica (V e IX posición).
- b) Práctica de harmónicos oitavados.
- c) Interpretación como mínimo de catro estudos e catro pezas de memoria.

### **Metodoloxía**

O alumno contará cunha clase individual de sesenta minutos e a posibilidade de participar nunha clase colectiva que complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo.

Os primeiros cursos esixen unha metodoloxía adaptada os coñecementos previos e as aptitudes de cada alumno. Numerosos son os métodos que o profesor ten a súa disposición, pero en moitos casos ningún deles cubre todas as necesidades do alumno.

O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación é esencial para que o alumno sinta a necesidade de continuar na indagación das posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra.



As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes: - Traballo de obras que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.

#### Repertorio orientativo

##### Estudos:

DIONISIO AGUADO: “Método de guitarra” (U.M.E.), 1ª parte, números 16, 17, e do 22 ao 27.

R. S. BRINDLE: “Guitarcosmos I” (Schott), Tenths with suspensions.

LEO BROUWER: “Estudios sencillos” (Max Eschig), do 6 ao 10.

MATEO CARCASSI: “25 estudios op. 60” (Real Musical), do 1 ao 8. FERDINANDO CARULLI: “Studi per chitarra” (Suvini Zerboni), números 18, 19, 23, 25 e 26.

MAURO GIULIANI: “24 estudios op. 48” (Universal Edition), do 1 ao 6. B. LESTER: “Tremolo”, “Arpeggio”, “Scales”, “Barré” de “Essential Guitar Skills” (Ricordi) J.

SAGRERAS: “Lecciones 1-3” (Chanterelle), segundas leccións, números 1, 2, 6 e 7.

FERNANDO SOR: “30 estudios seleccionados” (U.M.E.), núm. 1, 2, 4 a 6, 8 e 9.

##### Obras:

#### Renacemento-Barroco

ANÓNIMO: The Wilson Wide, The Parliament (Amsco Pub.).

P. ATTAINGNANT: “La guitare classique vol. A” (M. Combre), Tourdion.

J. S. BACH: Minueto en Sol M, Minueto en Mi m (trans. do libro de Ana Magdalena). Sarabande da Suite III para laúd BWV 995.

#### Contemporáneo

“La guitare classique vo. A” (M. Combre), Marche. G. A. BRESCIANELLO: “La guitare classique vol. A” (M. Combre), Gavotte.

FRANCIS CUTTING: Toy (Amsco Pub.)

FRANCESCO DA MILANO: Pescatore va cantando.

JOHN DOWLAND: “Cuatro piezas fáciles” (Universal Edition).

ADRIAN LE ROY: Branle de Bourgogne (Amsco Pub.) ALONSO MUDARRA: Pavana de Alexandre.

DIEGO PISADOR: Pavana muy llana para tañer (Schott/Pujol).

#### Clásico-romántico

ANÓNIMO: Minueto en Sol (Amsco Pub.).

MAURO GIULIANI: “Le Papillon op. 30” (Real Musical), do 21 ao 32. FRANCESCO MOLINO: Rondó.

A. MEISSONIER: “Colección de piezas de I. Savio, vol. 2”, siciliana. FRANCISCO TÁRREGA: Lágrima, Pavana.

contemporaneo

JEAN ABSIL: Preludio, Barcarola.

RENE BARBIER: Preludio, Barcarola.

E. CORDERO: “Modern Times vol. I e II” (Chanterelle), Estudio a la cubana, Estudio fugaz, Viñeta criolla I. O. HUNT: “Modern Times vol. II” (Chanterelle), Autumm. NIKITA KOSHKIN: Obéron, Tristan. N. LECLERQ: “Six nuances” (Schott Frères), Outremer; “

Six Colours” (Schott Frères), Turquoise, Pourpre, Orange.

G. MONTREUIL: “Divertissements pour guitare vol. II” (Doberman), Céline. J.

ZENAMON: “Modern Times vol. III” (Chanterelle), Recuerdo.

### **Mínimos esixibles**

Primeira avaliación

- a) Práctica de escala cromática.
- b) Práctica de ligados de catro notas (ascendentes e descendentes).
- c) Práctica de arpejos de máis de seis notas.
- d) Interpretación de dous estudos e unha peza.

Segunda avaliación

- a) Práctica de notas de adorno: apoyaturas, mordentes, grupetos e trinos.
- b) Práctica de escala de Fa maior (I e VII posición).
- c) Interpretación de un estudo e dúas pezas

Terceira avaliación

- a) Práctica de escala de re menor harmónica (V e IX posición).
- b) Práctica de harmónicos oitavados.
- c) Interpretación de catro estudos e catro pezas de memoria.

### **Recuperación**

O alumno que acumule catro faltas sen xustificar, ou que non participe nas audicións en cada trimestre perderá a avaliación continua. Dúas serán as actividades de recuperación:

Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior. b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

## **Criterios de cualificación para o grao elemental**

Valorarase:

- . Control de pulsación e son
- . Dinamica e articulación
- .Control do ritmo
- .Calidade da interpretación e corrección técnica

9 – 10

- .Interpretación realizada con fluidez e seguridade técnica
- .Control do son e afinación
- .Adecuación do tempo ao estilo da obra e correcto uso do fraseo
- .Impecable uso da dinámica e articulación

7 – 8

- .Interpretación realizada con seguridade
- .Bo control do son e da afinación
- .Tempo adecuado e sostido
- .Capacidade de resposta a diferentes estilos e obras
- .Correcto uso da dinámica e articulación

5 - 6

- .Interpretación correcta, seguridade nas notas e ritmo
- .Aceptable calidade do son
- .tempo correcto e continuado
- .Mostras evidentes de unha adecuada preparación das pezas
- .Técnicamente correcto

4

- .interpretación insegura sin continuidade
- .fallos na produción do son
- .Tempo inadecuado e falta de continuidade
- .Falta evidente da preparación das pezas. Dificultade para recuperar erros
- .tecnicamente incorrecto

2 – 3

- .Interpretación fallida. Grandes dificultades con notas e ritmo
- Falta de control do son
- .Incapacidade para manter a continuidade no discurso musical das pezas
- .Incapacidade para executar pasaxes. Falta evidente de preparación das pezas

No presenta traballo algún

## GRAO PROFESIONAL

### Primeiro curso

#### Obxectivos

- Estudar progresivamente aspectos relacionados coa interpretación, articulación, fraseo e fidelidade ao estilo.
  - Interpretar e coñecer como mínimo catro estudos con diferente formulación técnica e tres obras, unha de cada apartado do programa.
  - Coñecer as convencións interpretativas máis usuais das tres épocas.
  - Practicar a música de cámara en pequenos grupos guitarrísticos.
  - Desenvolver técnicas de estudo: distribución do tempo, traballo repetitivo e traballo reflexivo. Previr a inconstancia, desorganización, superficialidade, distracción, desinterese ...
  - Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando adecuadamente as diferentes formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas durante todo o quinto curso.
- Ningún/ha alumno/a de Guitarra superará a proba de acceso a Grao Profesional sen o uso adecuado das uñas.
- Dispor dunha guitarra de calidade con cordas en bo estado. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapason.
  - Coñecer as diferentes formas de dixitación, tendo en conta o fraseo e estilo da peza.
  - Ler a primeira vista en todo o diapason.
  - Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver adecuadamente o programa na clase senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.
  - Desenvolver a afinación por harmónicos.
  - Coñecer de todas as notas do diapason.
  - Demostrar coñecemento das tonalidades e a súa aplicación na Guitarra.

#### Contidos

Primeira avaliación

- a) Interpretación de memoria de unha das pezas.
- b) Iniciación ao estudo da ornamentación nas diferentes épocas.
- c) Coñecemento dos efectos guitarrísticos máis comúns.

Segunda avaliación

- a) Interpretación de memoria de unha das pezas.
- b) Interpretación dun estudo tamén de memoria.
- c) Práctica de diferentes formas de dixitación.

Terceira avaliación

- a) Interpretación de memoria de unha peza.
- b) Interpretación tamén de memoria de dous estudos.
- c) Traballo en agrupacións camerísticas.
- d) Desenvolvemento dos diferentes elementos técnicos traballados ata entón.
- e) Repaso de todo o programa.

## **Metodoloxía**

A metodoloxía no grao profesional debe estar baseado na atención individualizada do profesor as necesidades e aptitudes de cada alumno. Na búsqueda por alcanzar os obxectivos propostos, as estratexias formativas deben ser diferentes para cada estudante. Entre as diferentes estratexias que podemos propoñer algunhas poderían ser:

- Utilización dun equipo de gravación para rexistrar a interpretación total da obra o de algunha sección en especial.
- Explicación por parte do profesor da partitura correspondente, a través da análise nos seus aspectos formais, melódicos, harmónicos e outros adaptados ó curso correspondente
- Audicións de obras ou fragmentos de diferentes estilos e posterior debate sobre os distintos aspectos que as conforman.
- Traballo de lectura a primeira vista. - Pedirase ó alumno recopilación sobre época, obra, autor, das partituras que se van a traballar.
- Traballo da improvisación e harmonía para a aplicación as obras que se están a estudar.

## **Repertorio orientativo**

### **Estudos**

DIONISIO AGUADO: “Método de guitarra” (U.M.E.), 2ª parte, números 1, 5 e 6. R.

S. BRINDLE: “Guitarcosmos 2” (Schott), Arpeggio study.

LEO BROUWER: “Estudios sencillos” (Maz Eschig), o 12.

MATEO CARCASSI: “25 estudios op. 60” (Real Musical), números 11 e 14. M.

CASTELNUOVO-TEDESCO: “Appunti” (Suvini Zerboni), caderno primeiro.

NAPOLEÓN COSTE: “25 estudios op. 38” (U.M.E.), números 1, 2 e 5.

MAURO GIULIANI: “24 estudios op. 48” (Universal Edition), números 7 e 8.

FERNANDO SOR: “30 estudios seleccionados” (U.M.E.), números 10 e 11.

### **Obras:**

Renacemento

ANÓNIMO: Preludio de Lord Herbert (M. Lewin. Trinity Collage).

Fantasia (Amsco Pub.)

JOHN DOWLAND: The Round Battle Galliard (Amsco Pub.)

LUYS MILÁN: “Pavanas” (Universal Edition), a 1ª. E. de VALDERRÁBANO: “Silva de Sirenas” (Ricordi), Soneto.

Barroco

\_ANÓNIMO: Preludio y dos minuets (Universal Edition).

ADAM FALCKEMHAGEN: Vivace (Amsco Pub.). S. de MURCIA: Tocata (Amsco Pub.).

H. PURCELL: Minueto en la menor (Amsco Pub.).

S. L. WEISS: “La guitare classique vol. A” (M. Combre), Menuet. Clásico-romántico  
ANÓNIMO: Romance (Fortea).

MATEO CARCASSI: Allegretto op. 5 nº 12 (Amsco Pub.).

FERDINANDO CARULLI: Larghetto op. 241, Rondó en DoM.

FERNANDO SOR: Minueto op. 22, minueto op. 25 (Tecla).

FRANCISCO TÁRREGA: Adelita.

Contemporáneo

G. BIBERIAN: “Modern Times vol. III” (Chanterelle), Petite prelude.

N. LECLERQ: “Six Colours” (Schott Frères), Arlequine, Noir e Cyclamen.  
MANUEL M. PONCE: “Preludios” (Schott), números 1 e 6 (tocar os dous).

G. ZARB: “Modern Times vol. I” (Chanterelle), Episode, Grekos.

### **.Mínimos esixibles**

1º Trimestre: - Traballo dun mínimo dunha obra e un estudo no trimestre. -  
Interpretación dunha obra ou estudo na audición do departamento. -

2º Trimestre:

- Traballo dun mínimo dunha obra e un estudo no trimestre.

- Interpretación dunha obra ou estudo na audición do departamento.

3º Trimestre:

- Superación dos contidos fixados e adquisición dos contidos descritos para este curs

. - Traballo dun mínimo dunha obra ou estudo na audición do departamento. -

Interpretación dunha obra ou estudo na audición do departamento.

### **Recuperacion**

O alumno que acumule catro faltas sen xustificar, ou que non participe nas audicións en cada trimestre perderá a avaliación continua. Dúas serán as actividades de recuperación:

a. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior. b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

## Segundo curso

### Obxectivos

- Interpretar e coñecer como mínimo catro pezas, elixidas entre os estilos renacentista, barroco, clásico-romántico e contemporáneo representados nos apartados a, b, c e d (como máximo unha peza de cada estilo). Interpretación de tres estudos con diferente formulación técnica.
- Profundar en aspectos relacionados coa interpretación, articulación, fraseo, dixitación e fidelidade ao estilo tratando de adaptar os coñecementos técnicos e musicais aos catro estilos a estudar no curso.
- Practicar a música de cámara en pequenos grupos guitarrísticos.
- Adquirir técnicas de estudo: distribución do tempo, traballo repetitivo e traballo reflexivo. Previr a inconstancia, desorganización, superficialidade, distracción, desinterese...
- Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando adecuadamente as diferentes formas de pulsación. Dispor de uñas en perfecto estado.
- Dispor dunha guitarra de calidade con cordas novas. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapason.
- Ler a primeira vista melodías con acompañamento dalgún baixo, arpejos e acordes de tres e catro notas.
- Profundar na diferenza de intensidades, dinámica, desenvolvemento do volume e perfeccionamento do son.
- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver adecuadamente o programa na clase senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.
- Conseguir realizar a afinación por harmónicos de maneira fluida.
- Analizar a estrutura da obra, as súas seccións, repeticións. melodía, acompañamento, tema principal...
- Demostrar perfecto coñecemento de todas as notas do diapason.
- Coñecer o repertorio básico do instrumento a través da lectura de partituras e audición de discos. O alumno creará progresivamente a súa pequena colección de partituras e discos dos mellores intérpretes.
- Demostrar coñecemento das tonalidades e a súa aplicación na guitarra.

### Contidos

Primeira avaliación

- a) Interpretación de memoria dun dos estudos.
- b) Interpretación dunha das pezas do apartado a) do programa.
- c) Interpretación dunha das pezas do apartado b) do programa.
- e) Realización de unha interpretación en público.

Segunda avaliación

- a) Interpretación de memoria de dous dos estudos.
- b) Interpretación dunha das pezas do apartado c) do programa.
- c) Realización de unha interpretación en público.

Terceira avaliación

- a) Interpretación dunha das pezas do apartado d) do programa.
- b) Interpretación tamén dos tres estudos.
- c) Traballo en agrupacións camerísticas.

- d) Desenvolvemento dos diferentes elementos técnicos traballados ata entón.
- e) Repaso de todo o programa.
- f) Realización de unha interpretación en público.

### **Metodoloxía**

A metodoloxía no grao profesional debe estar baseado na atención individualizada do profesor as necesidades e aptitudes de cada alumno.

Na búsqueda por alcanzar os obxectivos propostos, as estratexias formativas deben ser diferentes para cada estudante.

Entre as diferentes estratexias que podemos propoñer algunhas poderían ser:

- Utilización dun equipo de gravación para rexistrar a interpretación total da obra o de algunha sección en especial.
- Explicación por parte do profesor da partitura correspondente, a través da análise nos seus aspectos formais, melódicos, harmónicos e outros adaptados ó curso correspondente
- Audicións de obras ou fragmentos de diferentes estilos e posterior debate sobre os distintos aspectos que as conforman.
- Traballo de lectura a primeira vista.
- Pedirase ó alumno recopilación sobre época, obra, autor, das partituras que se van a traballar.
- Traballo da improvisación e harmonía para a aplicación as obras que se están a estudar.

Minimos esixibles

### **Estudos:**

DIONISIO AGUADO: “Método de Guitarra” (U.M.E.), 2ª parte, del 7 ao 11. R. S.  
BRINDLE: Chorale & Variants, Repeated semiquavers, Tour part chords (Schott). LEO  
BROUWER: “Estudios sencillos” (Max Eschig), o 11.

MATEO CARCASSI: “25 estudios op. 60” (Real Musical), núm.s 10, 15, 16 e 17. M.  
CASTELNUOVO-TEDESCO: “Appunti” (Suvini Zerboni), caderno 1º, do 2 ao 5.  
NAPOLEÓN COSTE: “25 estudios op. 38” (U.M.E.), números 3, 4 e 6.

MAURO GIULIANI: “24 estudios op. 48” (Universal Edition), números 9 e 10.  
FERNANDO SOR: “30 estudios seleccionados” (U.M.E.), números 3, 7, 12 a 14.

### **Obras:**

Renacemento

A. HOLBORNE: The night watch (Amsco Pub.)

R. JOHNSON: Alman (Amsco Pub.) ELIAS MERKEL: Ballet (Amsco Pub.)

LUYS MILAN: “Pavanas” (Universal Edition), a 3ª e a 6ª.

### Barroco

J. S. BACH: Sarabande BWV 1002 (Schott)



. SANTIAGO DE MURCIA: Canción, Tocata (Amsco Pub.).  
 L. RONCALLI: Sarabande en Mi m, Sarabande en Sol (Amsco Pub.).  
 GASPAR SANZ: Preludio arpeado (Amsco Pub.). \_romClásicoántico\_  
 NAPOLEÓN COSTE: Rondó op. 51 nº 1 (Amsco Pub).  
 JOSÉ FERRER: Minueto op. 31 nº 1 (Amsco Pub.).  
 MAURO GIULIANI: Sonatina op. 71 nº 1 (Tecla Editions) Contemporáneo  
 M. BYATT: “Modern Times vol. III” (Chanterelle), Reggae sunrise, Hangin’ around.  
 43  
 E. CORDERO: “Modern Times vol. III” (Chanterelle), Viñeta Criolla 3.  
 B. HODEL: “Modern Times vol. II” (Chanterelle), The Devil’s playground.  
 NIKITA KOSHKIN: Pierrot et Arlequin (Henry Lemoine)  
 MANUEL M. PONCE: “Preludios” (Schott), números 3 e 5 (tocar os dous) e Scherzino  
 Mexicano  
 F. M. TORROBA: Burgalesa, Romance de los pinos.

### **Mínimos esixibles**

1º Trimestre: - Traballo dun mínimo dunha obra e un estudo no trimestre. -  
 Interpretación dunha obra ou estudo na audición do departamento.  
 2º Trimestre:  
 - Traballo dun mínimo dunha obra e un estudo no trimestre.  
 - Interpretación dunha obra ou estudo na audición do departamento.  
 . 3º Trimestre:  
 - Superación dos contidos fixados e adquisición dos contidos descritos para este curso.  
 - Traballo dun mínimo dunha obra ou estudo na audición do departamento. -  
 Interpretación dunha obra ou estudo na audición do departamento.

### **Recuperación**

O alumno que acumule catro faltas sen xustificar, ou que non participe nas audicións en cada trimestre perderá a avaliación continua. Dúas serán as actividades de recuperación:  
 a. Recuperación trimestral. Realizarase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior. b. Recuperación final. Se realizará un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

### **Terceiro curso**

#### **Obxectivos**

- Interpretar e coñecer como mínimo catro pezas, elixidas entre os estilos renacentista, barroco, clásicoromántico e contemporáneo representados nos apartados a , b, c e d (como máximo unha peza de cada

estilo). Interpretación de tres estudos con diferente formulación técnica.

- Profundar en aspectos relacionados coa interpretación, articulación, fraseo, dixitación e fidelidade ao estilo

tratando de adaptar os coñecementos técnicos e musicais aos catro estilos do curso.

- Practicar a música de cámara en pequenos grupos guitarrísticos.

- Desenvolver técnicas de estudo: Distribución do tempo, traballo repetitivo e traballo reflexivo. Previr a

inconstancia, desorganización, superficialidade, distracción, desinterese...

- Coidar ao máximo a calidade do son, utilizando as uñas e empregando adecuadamente as diferentes

formas de pulsación. Será obrigatorio dispor de uñas en perfecto estado.

- Dispor dunha guitarra de calidade con cordas novas. Tamén pé, limas, atril, pestana e diapasón.

- Ler a primeira vista melodías con acompañamento dalgún baixo, arpejos e acordes de tres e catro notas.

- Aprender a realizar diferentes intensidades, dinámicas. Desenvolver volume e calidade do son.

- Levar á práctica toda a teoría instrumental en actuacións en directo. Non abonda con desenvolver

adecuadamente o programa na clase senón que é esencial poder demostrar en público o seu dominio.

- Afinar por harmónicos correctamente.

- Entender a necesidade de analizar a estrutura da obra, as súas seccións, repeticións, melodía,

acompañamento, tema principal.

- Coñecer perfectamente todas as notas do diapasón.

- Coñecer basicamente o repertorio do instrumento a través da lectura de partituras e audición de discos. O

alumno creará progresivamente a súa pequena colección de partituras e discos dos mellores intérpretes.

- Coñecer basicamente a historia da Guitarra: compositores, literatura, formas, estilos e a evolución

organolóxica da guitarra.

- Practicar as tonalidades e a súa aplicación na guitarra.

## **Contidos**

Primeira avaliación

a) Interpretar de memoria un dos estudos.

b) Interpretar unha das pezas do apartado reñacemento do programa.

c) Interpretar unha das pezas do apartado barroco do programa.

e) Tocar en público.

Segunda avaliación

a) Interpretar de memoria un dos estudos.

b) Interpretar unha das pezas do apartado clasico do programa.

c) Tocar en público.

Terceira avaliación

a) Interpretar unha das pezas do apartado contemporaneo do programa.

b) Interpretar tamén os tres estudos.

c) Traballo en agrupacións camerísticas.

d) Desenvolvemento dos diferentes elementos técnicos traballados ata entón.

- e) Repaso de todo o programa.
- f) Tocar en público

### **Metodoloxía**

A metodoloxía no grao profesional debe estar baseado na atención individualizada do profesor as necesidades e aptitudes de cada alumno. Na búsqueda por alcanzar os obxectivos propostos, as estratexias formativas deben ser diferentes para cada estudante.

Entre as diferentes estratexias que podemos propoñer algunhas poderían ser:

- Utilización dun equipo de gravación para rexistrar a interpretación total da obra o de algunha sección en especial.

- Explicación por parte do profesor da partitura correspondente, a través da análise nos seus aspectos formais, melódicos, harmónicos e outros adaptados ó curso correspondente

- Audicións de obras ou fragmentos de diferentes estilos e posterior debate sobre os distintos aspectos que as conforman.. -

Traballo de lectura a primeira vista. - Pedirase ó alumno recopilación sobre época, obra, autor, das partituras que se van a traballar.

- Traballo da improvisación e harmonía para a aplicación as obras que se están a estudar.

repertorio orientativo

**Estudos:** R. S. BRINDLE: “Guitarcosmos 2” (Schott), Tremolo.

LEO BROUWER: “Estudios sencillos” (Max Eschig), 13 e 14.

MATEO CARCASSI: “25 estudios op. 60” (Real Musical), número 9 e del 18 ao 25.

M. CASTELNUOVO-TEDESCO: “Appunti” (Suvini Zerboni), caderno 1º, do 6 ao 11.

NAPOLEÓN COSTE: “25 estudios op. 38” (U.M.E.), del 7 ao 11 e do 12 ao 14.

MAURO GIULIANI: “24 estudios op. 48” (Universal Ed.) nº 11, 12, 13, 15, 16 e 17.

FERNANDO SOR: “30 estudios seleccionados” (U.M.E.), do 15 ao 17. 50

## **Obras:**

### Renacemento

ANÓNIMO: The Cobbler (Amsco Pub.).

